

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 27 de setembro de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e cincuenta minutos do día vinte e sete de setembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamé presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(985).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(986).- PROPOSTA DE PAGAMENTO DA ACHEGA ECONÓMICA REINTEGRABLE Á “AXENCIA INTERMUNICIPAL DE ENERXÍA DA ÁREA DE VIGO” PARA FACER FRONTE Á SITUACIÓN DE LIQUIDEZ PREVISIBLE NO PROCEDIMENTO INICIADO PARA A LIQUIDACIÓN DA FUNDACIÓN. EXPTE. 43449/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14/09/17, e o informe de fiscalización do 22/09/17, dáse conta do informe-proposta de data 20/09/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, que di o seguinte:

## Antecedentes

Clasificada a Fundación Axencia Intermunicipal de Enerxía de Vigo (FAIMEVI) dentro do sector das Administracións Públicas e considerada, en contabilidade nacional, como unha unidade dependente do Concello de Vigo, o Padroado da Fundación en aplicación da disposición adicional novena, apartado 2, da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, acordou en sesión do pasado 29 de xuño, á extinción da Fundación ao ser imposible realizar o fin fundacional.

Na mesma sesión o Padroado, entre outros acordos, resolveu requirir do Concello de Vigo o pago da cota impagada, correspondente ao exercicio 2016, aprobada en sesión ordinaria deste órgano de 2 de decembro de 2015, por importe de 33.886,73 euros

Igualmente acordou o Padroado dotar a Fundación dos fondos necesarios para levar a cabo a liquidación da Fundación, na proporción na que veñen contribuíndo ata hoxe; contribución que se especifica no acordo nos termos que seguen:

Concello de Vigo	33 886,73 €
Consorcio Zona Franca de Vigo	20. 332,02 €
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo	3.388,67 €
PSA Peugeot Citroen Automóviles España S.A.	16.914,82 €

En posterior sesión, de data 31 de xullo de 2017, o Padroado rexeitou inicialmente o borrador das contas anuais da Fundación, á data de 29 de xuño de 2017 —punto primeiro da orde do día—, por estimar que as mesmas non reflectían o acordado na sesión de 29 de xuño no punto 5.3.2, «porque o aprobado —dise na acta— foi dotar a Fundación dos fondos que no seu momento sexan necesarios para levar a cabo a liquidación na proporción na que veñen contribuíndo ate hoxe e que no borrador non se reflicte deste xeito». Ditas cantidades —precísase no punto segundo da orde do día— so serán achegadas no caso de ser necesarias para cubrir a liquidación da entidade.

Reformuladas as contas na mesma sesión do Padroado, foron estas aprobadas por unanimidade dos patróns asistentes, coa precisión de que os devanditos fondos a achegar considéranse, a efectos contables, como débeda a curto prazo transformable en subvención doazón ou legado, que se converterá en ingreso na medida en que se xa preciso para a liquidación e reverterá aos patróns en caso contrario.

Finalmente, en sesión de 6 de setembro de 2017, o Padroado tomou coñecemento da tesourería actual da Fundación e da súa iliquidez transitoria para facer fronte ao despido colectivo dos seus traballadores, acordando, por unanimidade, «requirir aos Patróns para que fagan efectivos, antes de 30 de setembro, as achegas acordadas e nas condicións sinaladas nos puntos primeiro e segundo da acta da reunión anterior, de 31 de xullo»; acordo do que déronse por requiridos nese acto os Patróns obrigados ao pago, presentes no acto.

En data 14 de setembro, o Xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais emite informe ao respecto no que di:

*“Primeira.- Reclamado polo Director Xerente da Fundación o pago da cota municipal á Fundación, aprobada para o ano 2016, por importe de 33.886,73 euros, así como a achega, polo mesmo importe, solicitada en cumprimento do compromiso dos Patróns de dotar a Fundación dos fondos necesarios para levar a cabo a súa extinción, asumido na sesión de 29 de xuño de 2017, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión de 23 de*

*agosto de 2017, aprobou realizar a primeira das achegas reclamadas e rexeitar a segunda toda vez que «o compromiso asumido polos dos Patróns na pasada sesión de 29 de xuño é o de dotar á Fundación dos fondos necesarios para levar a cabo a liquidación da Fundación, na proporción na que veñen contribuindo ata hoxe; contribución que se especifica no acordo e que determina a proporción na que, no seu caso e no seu momento, deberán estes contribuir economicamente, se fora necesario, para ultimar a liquidación, sen incorporar un concreto compromiso de pago polo importe consignado como contribución determinante da dita proporción».*

*Segunda.- Posta de manifesto, na dita sesión do Padroado do pasado 6 de setembro, a insuficiencia transitoria da tesourería da Fundación para facer fronte ás obrigas de pago derivadas do despido colectivo dos traballadores da Fundación, no momento da súa esixibilidade, o Padroado, segundo vai dito, acordou requirir aos Patróns para que fagan efectivos, antes de 30 de setembro, as achegas acordadas e nas condicións sinaladas nos puntos primeiro e segundo da acta da reunión anterior, de 31 de xullo*

*Así as cousas, a necesidade da achega económica para cubrir o déficit de tesourería, apreciada polo Padroado na sesión do pasado 6 de setembro, determina o momento do nacemento da obriga e, daquela, a súa esixibilidade polo importe —temos de entender, a falta de especificación distinta— de 33.886,73 euros.*

*Procede en consecuencia o pago de tal achega, que, de acordo co xa dito, terá carácter reintegrable e deberá ser reintegrada na contía que exceda ao cumprimento das obrigas esixibles derivadas da liquidación da Fundación...”*

É competente para aprobar o gasto a Xunta de Goberno Local (artigo 127.1.g LRBRL).

Atendendo ao exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte, PROPOSTA:

- 1º. Aprobar o pago da achega económica requirida ao Concello de Vigo como patrono da Fundación da Axencia Intermunicipal de Enerxía de Vigo con fin de cubrir o déficit de tesourería para facer fronte ás obrigas de pago derivadas do despido colectivo e do proceso de liquidación da mesma, por un importe de 33.886,73 € con cargo a aplicación orzamentaria 1650 4890000, con carácter reintegrable na contía que exceda ao cumprimento das obrigas esixibles derivadas da liquidación da Fundación.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(987).- PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA NOMEAMENTOS INTERINOS COMO PROGRAMADOR/A INFORMÁTICO/A. EXPTE. 30659/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27/09/17, dáse conta do informe-proposta do 20/09/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 11/03/2016 acordou a aprobación dunha proposta de actuación e aprobación de programa para a implantación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, nos ámbitos materiais de Administración Electrónica, Recursos Humanos e Secretaría (expte. 27064/220). O referido acordo autoriza o nomeamento por execución de programa temporal de dous/dúas efectivos con perfís de programación web e de aplicacións en JAVA con coñecementos de GIS, así coma de dous/dúas auxiliares administrativos/as e un/ha técnico/a de xestión.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 12/04/2017 aprobou as bases reitoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Programadores/as WEB, Subgrupo C1 de Titulación, expte. 29740/220, bases que se publicaron no BOP nº 91 de data 12 de maio de 2017.

Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Estatuto Básico do Empregado Público.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo a modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

*“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.*

*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renunciacións os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;
- supostos de incapacidade temporal (IT);
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de **3 anos**.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria sustituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de

selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.

Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 18/09/2017, formulou a correspondente proposta do único aspirante apto para confeccionar a referida bolsa de emprego, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º	PUNT. 2º	PUNT. 3º	TOTAL
27	RODRÍGUEZ FERREIRÓS	RICARDO	** ***.331- C	8,250	8,325	2,000	18,575

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Programador/a WEB, e que inclúe ao único aspirante en condicións de ser nomeado funcionario interino prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Programador WEB segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 18/09/2017, que forma parte inseparable do citado acordo, segundo relación seguinte:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º	PUNT. 2º	PUNT. 3º	TOTAL
27	RODRÍGUEZ FERREIRÓS	RICARDO	** ***.331- C	8,250	8,325	2,000	18,575

Segundo.- Dispoñer que a referida lista terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, expirando a súa validez aos tres anos dende a adopción do presente acordo.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(988).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES”, ENTRE GRAN VÍA E HERNÁN CORTÉS. EXPTE. 3513/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/09/17, dáse conta do informe-proposta do 18/09/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES DE FEITO

1. A Xunta de Goberno, en sesión de data 17.07.2017 acordou aprobar a modificación orzamentaria nº 41/2007, crédito extraordinario, para a aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016 para a súa remisión ao Pleno Municipal. Na mesma se contempla a aplicación orzamentaria 1532.619.00.60 "Humanización Rúa María Berdiales, entre Gran Vía e Hernán Cortés" con un importe de 194.609,70 euros
2. Para levar a cabo esta actuación por resolución do Concelleiro Delegado de Fomento, autorizouse o gasto e a contratación do servizo de redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol de Tecnical, S.L.
3. O proxecto presentado en execución do contrato, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Pablo López Fernández e o Enxeñeiro Técnico Industrial, D. José Manuel Fouces Díaz, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de CIENTO NOVENTA E CATRO MIL SEISCENTOS NOVE EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (194.609,70) e data xullo de 2017.
4. O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 17/08/17, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 17/08/17, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.
5. A actuación se desenrola no tramo da rúa María Berdiales, comprendido entre Gran Vía e Hernán Cortés, comprende as seguintes actuacións:
  - Redistribución dos espazos e servizos, con renovación completa dos pavimentos.
  - Renovación do sistema de Abastecemento.
  - Renovación do sistema de Saneamento, mantendo a red unitaria existente.
  - Incorporación de rede de Rego cun sistema por goteo para os alcorques e zonas verdes proxectadas.
  - Renovación completa do sistema de alumado, con incorporación de novos báculos, grupos ópticos, canalizacións e liñas de alumado.
  - Redistribución de alcorques existentes, con incorporación de novo arborado e incorporación de zonas verdes acotadas en xardineiras.
  - Incorporación de nova sinalización e mobiliario urbano.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO meses.

6. O Xefe da oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras Públicas, con data 18 de agosto de 2017 informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas.

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución de “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES, ENTRE GRAN VÍA E HERNÁN CORTÉS, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Pablo López Fernández e o Enxeñeiro Técnico Industrial, D. José Manuel Fouces Díaz, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de CIENTO NOVENTA E CATRO MIL SEISCENTOS NOVE EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (194.609,70) e data xullo de 2017.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(989).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO “PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DO APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL COLINDANTES AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO”. EXPTE. 4180/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/09/17, dáse conta do informe-proposta do 12/09/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado da Área de Fomento e a xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

1.- A Xunta de Goberno Local de data 23 de Novembro de 2016 acordou aprobar o PROXECTO DE EXECUCIÓN DE APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE



TITULARIDADE MUNICIPAL COLINDANTES AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO, subscrito polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal D. Jerónimo Centrón Castañón, cun orzamento de incluído o IVE de SETECENTOS DEZAOITO MIL CENTO OITENTA E OITO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS– 718.188,19 €.-

2.- A Xunta de Goberno Local en data 04/05/2017 acordou: “Adxudicar a MISTURAS OBRAS E PROXECTOS SA o procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (expediente 4180 - 440), por un prezo total de 538.424,59 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 93.445,59 euros. En data 9 de maio de 2017 formalízase o contrato das obras de “Aparcadoiro Público en terreos de titularidade municipal colindantes ao hospital Álvaro Cunqueiro“ entre o Concello de Vigo e MISTURAS OBRAS E PROXECTOS SA.

3.- Con data 5 de maio de 2017, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento acorda nomear dirección facultativa da obra aos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais D. Jerónimo Centrón Castañón e D. Xacobe Paz Salgado.

4º.- Con data 8 de agosto de 2017, a Dirección facultativa da obra, co conforme do Responsable do contrato, solicita ao órgano de contratación autorización de inicio do expediente de modificación do PROXECTO DE APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL COLINDANTES AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO, para a redacción do MODIFICADO nº 1 do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DO APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL COLINDANTES AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO, xa que se detectan tralo comezo das obras condicións xeotécnicas distintas ás inicialmente previstas, que levan implícito a necesidade de modificar as unidades de obra previstas inicialmente.

5º.- A Xunta de Goberno Local, en data 10 de agosto de 2017, acordou: “Autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras PARA APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL COLINDANTES AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO de data agosto de 2016.”

6º.- Por parte dos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais D. Jerónimo Centrón Castañón e D. Xacobe Paz Salgado redáctase proxecto modificado nº 1 de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal colindantes ao hospital Álvaro Cunqueiro.

7º.- Pola dirección facultativa da obra emítase informe que consta no expediente, de data 30.08.2017, no seguinte sentido:

*“ASUNTO: INFORME DE XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE “APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL COLINDANTES AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO”.*

**I-ANTECEDENTES.**

1.- A Xunta de Goberno Local de data 23 de Novembro de 2016 acordou aprobar o PROXECTO DE EXECUCIÓN DE APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL COLINDANTES AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO subscrito polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal D. Jerónimo Centrón Castañón cun orzamento

de incluído o IVE de SETECENTOS DEZAOITO MIL CENTO OITENTA E OITO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS–718.188,19 €.-

2.- A Xunta de Goberno Local en data 04/05/2017 acordou: "Adxudicar a MISTURAS OBRAS E PROXECTOS SA, o procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (expediente 4180 - 440), por un prezo total de 538.424,59 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 93.445,59 euros.

En data 9 de maio de 2017 formalizase o contrato das obras de "Aparcadoiro Público en terreos de titularidade municipal colindantes ao hospital Álvaro Cunqueiro" entre o Concello de Vigo e MISTURAS OBRAS E PROXECTOS SA.

3.- Con data 5 de maio de 2017, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento acorda nomear dirección facultativa da obra aos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado.

Con data 23 de maio de 2017 fírmase a ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO, dando comezo as obras ao día seguinte.

4.- Con data 8 de agosto de 2017 a Dirección facultativa da obra, co conforme do Responsable do contrato solicita ao órgano de contratación autorización de inicio do expediente de modificación do PROXECTO DE APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL COLINDANTES AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO, para a redacción do MODIFICADO nº 1 do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DO APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL COLINDANTES AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO, xa que se detectan tralo comezo das obras condicións xeotécnicas distintas ás inicialmente previstas, que levan implícito a necesidade de modificar as unidades de obra previstas inicialmente. Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local, en data 10 de agosto de 2017, acordou: "Autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras PARA APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL COLINDANTES AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO de data agosto de 2016."

O desenrolo das obras contratadas e o coñecemento da realidade das especificacións do ámbito de actuación e dos elementos sobre os que se actúa na presente obra, reflicten unha serie de condicionantes que obrigan a xenerar novas unidades ou modificar as existentes para conseguir os obxectivos de prestacións establecidos dende o proxecto.

Neste sentido presentase o presente Proxecto Modificado nº 1 que describe de forma detallada os cambios producidos para adaptar o proxecto vixente á realidade das condicións xeotécnicas do terreo natural atopada unha vez comezada as obras e de acordo coas circunstancias descritas no PCAP que rexe a contratación das obras.

## **II- MODIFICACIONES.**

Tralo inicio dos traballos, detectouse que na maior parte de extensión do ámbito de actuación o terreo natural presentaba unhas características non aptas para executar o terraplén segundo o previsto no proxecto. Realizados diversos ensaios xeotécnicos complementarios en todo o ámbito da obra, os resultados dos mesmas corroboraron a existencia dunhas condicións no terreo natural nunha parte do ámbito distintas ás inicialmente previstas, tal como se recolle no informe valorativo da citada campaña.

De acordo co informe (incluído como anexo n.º 4 do proxecto modificado nº1), o terreo natural presenta características inadecuadas como sustrato de apoio para a construción do aparcamento. Estes materiais atopados unha vez comezadas as obras nunha parte do ámbito destas, presentan unhas características resistentes nulas, polo que non se consideran adecuados como apoio do terraplén.

Ademáis, as características xeotécnicas dos materiais existentes no ámbito do proxecto destinados a terraplén presentan características heteroxéneas, o que non permite o grao de aproveitamento para recheo do mesmo previsto no proxecto. Os resultados do estudo xeotécnico indican que só se pode empregar na construción do terraplén o recheo máis superficial, caracterizado como suelo adecuado.

A partir desta caracterización xeotécnica extensiva a todo o ámbito na fase de obra, conclúese a necesidade de realizar un reforzo do apoio do aparcamento sobre o terreo natural nunha parte da superficie. Así mesmo, resulta necesario adaptar a rasante e planta do aparcamento co obxecto de axustarse ás condicións de aproveitamento do material existente na parcela para o seu emprego como recheo na execución da plataforma destinada ao aparcamento.

Para o reforzo do terreo, recollido no capítulo 1 do orzamento do proxecto modificado, recórrase a técnica de columnas de grava, consistente en inclusións de material granular, convenientemente compactado e vibrado. As columnas (segundo se recolle no anexo nº5 do proxecto modificado nº1), executaranse con grava de granulometría e coeficiente de desgaste controlado, nunha malla en planta de 2,85\*2,85 metros e lonxitude variable, atendendo a caracterización do fondo do terreo. Con este sistema se consegue mellorar, reforzar e homoxeneizar as características xeomecánicas do terreo, así como acelerar o proceso de consolidación para que a maior parte dos asentos se produzan durante a execución das obras, e así non afecten ao aparcamento unha vez posto en servizo.

Para a adaptación do proxecto ás condicións de aproveitamento do terreo detectadas no estudo xeotécnico, resulta necesario modificar a planta e a rasante do aparcamento, de modo que o terraplén a executar se axuste á dispoñibilidade de terreos

calificados como "suelo adecuado" que se poden conseguir ao executar o desmonte ubicado ao leste da parcela. Debido a este condicionante, óptase por unha configuración do aparcamento en plataforma única, fronte á previsión inicial de executar dúas plataformas de aparcamento separadas por muros de mampostería, xa que de manterse a disposición inicial, careceríase de material aproveitable en cantidade suficiente para executar o terraplén. Como consecuencia desta nova configuración, reaxústase tamén a disposición das prazas de aparcamento e as vías de circulación interior.

Debido ao anterior, resulta necesario reaxustar a medición dos capítulos do orzamento de movemento de terras (capítulo 1) e firmes e pavimentos (capítulo 2). Tamén resulta necesario adaptar as medicións de drenaxe (capítulo 3) de modo que os elementos para a recollida de augas se correspondan coa nova disposición en planta e alzado da plataforma. Tamén se ven afectados os capítulos 5 (estruturas) e 6 (sinalización e balizamento), ao diminuír considerablemente a necesidade de muros de mampostería e sistemas de contención de vehículos na nova configuración do aparcamento en plataforma única.

En relación a xustificación destas modificacións, debemos atender a que no artigo 15.a) das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas se prevé a modificación do contrato. No seu apartado b) se indica como aspectos a modificar:

- "As unidades de obra de movemento de terras, firmes e pavimentos, drenaxe, alumeado público, estrutura, sinalización, balizamento e obras complementarias".

No seu apartado c) se indica como circunstancias que determinan a modificación:

- "Que no ámbito afectado polas obras aparezan, ou teñan unha ubicación diferente, as redes de servizos, as construcións soterradas ou os elementos de protección arqueolóxica ou, ben, teñan unhas condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto", xa que trala realización dunha campaña xeotécnica extensiva unha vez comezada a obra, atopáronse as carencias citadas con anterioridade en canto as condicións xeotécnicas do terreo, que demanda a necesidade de modificar as unidades de obra previstas no proxecto e cos estudos realizados, será necesario incorporar novas unidades que incrementarán a base económica inicial do proxecto. Neste sentido se plantean, como se recolle no artigo 15.b) das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas, como aspectos a modificar: "as unidades da obra de movemento de terras, firmes e pavimentos, drenaxe, alumeado público, estrutura, sinalización, balizamento e obras complementarias."
- Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos urbanos, deseño ou esquema funcional, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto."

Fixando como limite da modificación o condicionante máximo do 20% do prezo do contrato.

O desenvolvemento desta proposta técnica, se enmarca nas circunstancias recollidas no artigo 15.c) das Follas de Especificación do Contrato (FEC): "Que no ámbito afectado polas obras aparezan, ou teñan unha ubicación diferente, as redes de servizos, as construcións soterradas ou os elementos de protección arqueolóxica ou, ben, teñan unhas condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto", xa que trala realización dunha campaña xeotécnica extensiva unha vez comezada a obra, atopáronse as carencias citadas con anterioridade en canto as condicións xeotécnicas do terreo, que demanda a necesidade de modificar as unidades de obra previstas no proxecto e cos estudos realizados, será necesario incorporar novas unidades que incrementarán a base económica inicial do proxecto. Neste sentido se plantean, como se recolle no artigo 15.b) das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas, como aspectos a modificar: "as unidades da obra de movemento de terras, firmes e pavimentos, drenaxe, alumeado público, estrutura, sinalización, balizamento e obras complementarias."

### **iii- DESGLOSE MODIFICACIÓNS E VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS DO ORZAMENTO**

Nos seguintes puntos descríbense as modificacións estruturadas por capítulos establecidos no orzamento do proxecto, indicando balance de aforros e excesos para cada un deles. Para todas elas, a circunstancia xustificativa para a modificación do contrato está recollida no apartado 15.c das FEC.

#### **CAPITULO 1. MOVIMIENTO DE TERRAS.**

Recóllense as únicas unidades novas do presente modificado no capítulo de movemento de terras:

01,09N	ML	COLUMNA DE GRAVA DE DIÁMETRO ENTRE 0,65 - 1 M. POR VÍA SECA CON ALIMENTACIÓN POR FONDO, COMPLETAMENTE VIBROCOMPACTADA INCLUSO PERFORACIÓN Y APORTE DEL MATERIAL	IMPORTE EN EUROS	57,37 €
01,10N	UD	MONTAJE E INSTALACIÓN EQUIPO EJECUCIÓN COLUMNAS DE GRAVA, INCLUSO PREPARACIÓN PLATAFORMA DE TRABAJO	IMPORTE EN EUROS	16.700,00 €

As condicións do terreo natural, de nulas características resistentes segundo se desprende do informe valorativo da campaña xeotécnica (incluída como anexo nº4 do proxecto modificado nº1), obriga a realizar unha mellora do apoio do terraplén, mediante a execución de columnas de grava. Con este sistema se consegue reforzar e homoxeneizar as características xeomecánicas do terreo e acelerar o proceso de consolidación do mesmo. En consecuencia, resulta necesario a inclusión destas dúas novas unidades.

Ademais inclúense no presente capítulo variación das medicións das unidades excavación e terraplenado; apertura de caixa con aporte de material seleccionado; e transporte a vertedeiro.

Estas variacións de medicións están motivadas polas características xeotécnicas dos materiais existentes no ámbito do proxecto destinados a terraplén, que tralos estudos realizados en obra conclúese que non permiten o grao de aproveitamento dos mesmos para recheo previsto inicialmente. En consecuencia, realizouse un axuste na rasante e planta da plataforma do aparcamento, que conduce ás novas medicións, con diminución da excavación e terraplenado e transporte a vertedeiro, e aumento da apertura de caixa e aporte de material seleccionado, según se recolle no orzamento desglosado incluído no documento do proxecto modificado nº 1.

## **CAPÍTULO 2. FIRMES E PAVIMENTOS.**

*Neste capítulo prodúcese variacións de medición das unidades do proxecto orixinal, debido a que, tal como se explicou no capítulo anterior, resulta necesario adaptar a configuración da planta do aparcamento ás condicións de aproveitamento do terreo detectadas nos ensaios xeotécnico. Debido a este condicionante, óptase por unha configuración do aparcamento en plataforma única, e como consecuencia desta nova configuración, reaxústase a disposición das prazas de aparcamento e as vías de circulación interior.*

*Axústanse as medicións das distintas unidades deste capítulo ás necesidades reais detectadas, según se recolle no orzamento desglosado incluído no documento do proxecto modificado nº 1.*

## **CAPÍTULO 3. DRENAXE.**

*Recóllense as variacións de medicións das unidades do proxecto orixinal debidas á necesidade de adaptar as obras de drenaxe á nova configuración da rasante e planta da plataforma do aparcamento.*

*Así se recolle o incremento de medición das unidades do proxecto orixinal referentes ao colector de PVC de diámetro 400 mm. e a diminución da medición do colector de PVC de diámetro 315 mm., cuneta revestida de formigón e cuneta triangular en terras, según se recolle no orzamento desglosado incluído no documento do proxecto modificado nº 1.*

## **CAPÍTULO 4. ALUMEADO PÚBLICO.**

*Non se prevé ningunha alteración.*

## **CAPÍTULO 5. ESTRUTURAS.**

*Neste capítulo recóllense as variacións de medición das unidades do proxecto orixinal referentes aos muros, adaptando as medicións á nova rasante e á disposición do aparcamento en plataforma única.*

*Prodúcese unha diminución nas unidades de escavación en zanja en toda clase de terreo; lámina drenante con xeotextil; recheo filtrante en trasdós; e muro de contención de mampostería, según se recolle no orzamento desglosado incluído no documento do proxecto modificado nº 1.*

## **CAPÍTULO 6. SINALIZACIÓN E BALIZAMENTO.**

*Neste capítulo recóllense as variacións de medición das unidades do proxecto orixinal referentes aos sistemas de contención, adaptando as medicións á nova rasante e á disposición do aparcamento en plataforma única.*

*Prodúcese unha diminución nas unidades de barreira de protección e de barandilla de madeira, según se recolle no orzamento desglosado incluído no documento do proxecto modificado nº 1.*

## **CAPÍTULO 7. OBRAS COMPLEMENTARIAS.**

*Non se prevé ningunha alteración.*

## **CAPÍTULO 8. SEGURIDADE E SAUDE.**

*Non se prevé ningunha alteración.*

## **CAPÍTULO 9. XESTIÓN DE RESIDUOS.**

*Non se prevé ningunha alteración.*

## **CONCLUSIÓNS.**

*As citadas modificacións, propostas no presente Modificado nº 1 das obras de "APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL COLINDANTES AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO", estímase que **non supoñen alteracións dos fins e características** básicas do proxecto inicial e que **son de interese público** e que as mesmas se atopan contempladas nos ámbitos do definido no apartado 15.b das FEC. Así mesmo considérase que o modificado non suma presta-*

cións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se plantean non alteran as condicións esenciais de adxudicación e de licitación, recollidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación das obras de APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL COLINDANTES AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO.

Para a creación dos prezos contradictorios recollidos no presente proxecto modificado nº 1, tomaronse os prezos referidos a data de adxudicación das obras e se determinaron coas mesmas bases que as do proxecto aprobado, de acordo co artigo 158 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

As modificacións e variacións de medicións propostas neste expediente, en base a todo o exposto anteriormente, cuantitativamente resultan ser un incremento PEM de 6.683,55 €, que supón un incremento adicional líquido de 7.214,83 € (1,34% do proxecto orixinal), tal como se resume na seguinte táboa:

Capítulo	Resumen	Importe inicial	Importe Modificado	Diferencia	%
01	MOVIMIENTO DE TIERRAS	238.959,62 €	315.364,16 €	76.404,54 €	15,32%
02	FIRMES Y PAVIMENTOS	88.363,81 €	71.559,02 €	-16.804,79 €	-3,37%
03	DRENAJE	18.638,60 €	16.483,94 €	-2.154,66 €	-0,43%
04	ALUMBRADO PÚBLICO	40.303,46 €	40.303,46 €	0,00 €	0,00%
05	ESTRUCTURAS	66.615,36 €	23.931,06 €	-42.684,30 €	-8,56%
06	SEÑALIZACIÓN Y BALIZAMIENTO	28.702,79 €	20.625,55 €	-8.077,24 €	-1,62%
07	OBRAS COMPLEMENTARIAS	8.786,45 €	8.786,45 €	0,00 €	0,00%
08	SEGURIDAD Y SALUD	4.240,00 €	4.240,00 €	0,00 €	0,00%
09	GESTIÓN DE RESIDUOS	4.166,34 €	4.166,34 €	0,00 €	0,00%
<b>PRESUPUESTO DE EXECUCIÓN MATERIAL</b>		<b>498.776,43 €</b>	<b>505.459,98 €</b>	<b>6.683,55 €</b>	
	13,00% GASTOS XERAIS	64.840,94 €	65.709,80 €	868,86 €	
	6% BENEFICIO INDUSTRIAL	29.926,59 €	30.327,60 €	401,01 €	
	<b>SUMA PARCIAL</b>	<b>593.543,96 €</b>	<b>601.497,38 €</b>	<b>7.953,42 €</b>	
	Baixa de adxudicación 25,03015261% -	148.564,96 € -	150.555,71 € -	1.990,75 €	
	<b>SUMA</b>	<b>444.979,00 €</b>	<b>450.941,67 €</b>	<b>5.962,67 €</b>	
	21% IVA	93.445,59 €	94.697,75 €	1.252,16 €	
	<b>PRESUPUESTO DE ADXUDICACIÓN POR CONTRATA</b>	<b>538.424,59 €</b>	<b>545.639,42 €</b>	<b>7.214,83 €</b>	<b>1,34%</b>

En relación as unidades de obra expostas anteriormente e recollidas no ámbito das modificacións contempladas no apartado 15.b das FEC, indicase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación o prezo do contrato, non supera as limitacións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do Contrato, xa que no apartado 15.d das FEC, Límites da modificación, sinala que a cuantía máxima da modificación non superará o 20% sobre o prezo do contrato.

8º.- Polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asis. Municipal emítase informe de supervisión do proxecto de data 01.09.2017 que consta no expediente, do que procede transcribir o que segue:

“Os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais Xacobe Paz Salgado e Jerónimo Centrón Castaños, directores das obras “APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL COLINDANTES AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO”, redactan o proxecto modificado nº 1, con importe adicional líquido de 7.214,83 euros.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo "Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público" e polo "Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro" polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Legislativo."

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

I.- **Posibilidade de Modificación.**- O artigo 210 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCS) establece que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de intepretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interés público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

O artigo 105 do TRLCS contempla que os contratos do sector público sóo poderán modificarse cando así se teña previsto nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do TRLCS.

O TRLCS prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 106 e 107) do TRLCS. No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rixe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rixe a licitación.

II.- En relación coa posibilidade do artigo 106 TRLCS, para o caso que nos ocupa o **Prego de Cláusulas Administrativas do contrato**, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 28 de novembro de 2016 no apartado 15 das FEC establece a posibilidade de modificación do contrato en determinadas circunstancias contempladas no mesmo.

Os aspectos a modificar son: Unidades de obra de movemento de terras, firmes e pavimentos, drenaxe, alumeadado público, estrutura, sinalización, balizamento e obras complementarias.

As circunstancias que determinan a modificación son: Que no ámbito afectado polas obras aparezan, ou teñan unha ubicación diferente, as redes de servizos, as construcións soterradas ou elementos de protección arqueolóxica ou, ben, teñan unhas condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto

As modificacións non poderán superar o 20% do prezo do contrato.

No presente caso a modificación que se proón o é ao abeiro do artigo 106 TRLCSP e ao apartado 15 FEC do PCAP reitor do contrato, a cuxas previsións se axusta polo que resulta procedente.

III.- **Procedemento.**- O procedemento a seguir para a modificación dos contratos figura regulado con carácter xeral no artigo 108 do TRLCS, figurando no artigo 234 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 108 , 211 e 234.b do TRLCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal (artigo 211.2 do TRLCSP) e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 109 do TRLCSP e 102 do RLCAP)
3. Informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 % do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista.

Os requisitos específicos para os contratos de obras do artigo 234 do TRLCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratatalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado ou executatalas directamente.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións:
  - a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
  - b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
  - c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, e dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recabarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 125 do TRLCSP (136.3 do RLCAP).

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 (artigo 219 e 234.1 do TRLCSP). Remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 29.1 do TRLCSP).

**IV.- Cumprimento de requisitos normativos.-** Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interés público, e do

cumprimento das esixencias dos artigos 105 e 106 TRLCSP e do apartado 15 FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do órgano de contratación (Xunta de Goberno Local) de data 10.08.2017.

3º.- O redactor do proxecto orixinal é un técnico municipal, que coincide co redactor do proxecto modificado.

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos e a conformidade deste á modificación e aos prezos das novas unidades de obra no proxecto modificado.

5º.- Canto ao respecto do límite cuantitativo máximo das modificacións establecido nas FEC do PCAP do contrato para as modificacións nel previstas —20% do prezo do contrato— consígnase no informe da Dirección facultativa que o incremento do prezo do contrato é do 1,34%; porcentaxe que resulta da minoración dos incrementos de medición por unidades de obra nova cos decrementos por unidades de obra que desaparecen na modificación; produto ao que hai que atender para fixar a porcentaxe de modificación do prezo do contrato, en aplicación do criterio da Xunta consultiva de Contratación Administrativa (informe 16/2006, de 30 de outubro de 2006, entroutros)

6º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asis. Municipal de data 01.09.2017.

7º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 234.3 do TRLCS.

8º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia por non exceder o importe do contrato inicial de 6 millóns de euros.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 99.3 do TRLCS)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno)

VI.- **Competencia**.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de



contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA DO APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL COLINDANTES AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO, redactado polos enxeñeiros de camiños canais e portos municipais D. Jerónimo Centrón Castaños de D. Xacobe Paz Salgado, con un importe adicional de 6.683,55 € PEM, o que supón un incremento adicional líquido de 7,214,83 €, supoñendo un 1,34 % sobre o prezo de adxudicación, resultando un prezo de contrato tras a modificación de 545.639,42 €.

Incrementar dous meses o prazo que figuraba no PROXECTO DE APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL COLINDANTES AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO.

2º.- Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 1532.6090000 do orzamento municipal, a cal conta con crédito adecuado e suficiente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(990).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS E MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E DE FERRETERÍA PARA O TALLER DE FOMENTO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 79256/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/09/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de setembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250) na seguinte orde descendente:*

<b>Lote nº1</b>		<b>330.578,51 €</b>
<b>Licitadores</b>		<b>Puntuación</b>
1	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	97,50
2	MATERIALES CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	88,18
3	GONDOMAR, S.L.	85,00

<b>Lote nº2</b>		<b>132.231,83 €</b>
<b>Licitadores</b>		<b>Puntuación</b>
1	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	88,18
2	MATERIALES CONSTRUCCION FERNANDO ALONSO, S.L.	85,00

<b>Lote nº3</b>		<b>371.900,83 €</b>
<b>Licitadores</b>		<b>Puntuación</b>
1	GARCI VENTA, S.L.	100,00
2	SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	98,93
3	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	92,15
4	MATERIALES CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	79,65

<b>Lote nº4</b>		<b>82.644,63 €</b>
<b>Licitadores</b>		<b>Puntuación</b>
1	SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	100,00
2	GARCI VENTA, S.L.	96,51
3	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	74,92
4	MATERIALES CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	59,24

**Segundo.-** *Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2), GARCI VENTA, S.L. (lote 3) e SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (lote 4), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirit aos citados licitadores o aboamento de 1.811,52 euros (452,88 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2), GARCI VENTA, S.L. (lote 3) e SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (lote 4), o día 30 de agosto de 2017, que presentan a documentación requirida o 13, 11 e 8 de setembro de 2017, respectivamente, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 13 de setembro de 2017 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade dos membros presentes, conceder un prazo de tres días hábiles a SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. e GARCI VENTA, S.L. para que emendasen a documentación presentada. Esta documentación foi presentada o 20 e 19 de setembro de 2017, respectivamente, e revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de setembro de 2017. Resultando correcta a documentación, a Mesa acordou por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2), GARCI VENTA, S.L. (lote 3) e SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (lote 4), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2), GARCI VENTA, S.L. (lote 3) e SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (lote 4), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 23 de agosto de 2017.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- *“Adxudicar a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250) coas seguintes condicións:*

*- Lote 1*

- a) O prezo total do lote é de 400.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 69.421,49 euros.*
- b) Propón unha baixa proporcional única do 16% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT.*
- c) Propón unha baixa proporcional única do 10% a aplicar aos produtos ou materiais non previstos nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT.*

*- Lote 2*

- a) O prezo total do lote é de 160.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.768,60 euros.*
- b) Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT.*
- c) Propón unha baixa proporcional única do 10% a aplicar aos produtos ou materiais non previstos nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT.*

- *Adxudicar a GARCI VENTA, S.L. o lote 3 do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do lote é de 450.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 78.099,17 euros.*
- b) Propón unha baixa proporcional única do 21% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT.*
- c) Propón unha baixa proporcional única do 21% a aplicar aos produtos ou materiais non previstos nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT.*

- *Adxudicar a SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. o lote 4 do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do lote é de 100.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.355,37 euros.*
- b) Propón unha baixa proporcional única do 28% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT.*

c) *Propón unha baixa proporcional única do 30% a aplicar aos produtos ou materiais non previstos nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas.*

➤ *Iniciar os trámites pertinentes para devolver a GARCÍ VENTA, S.L. o importe de 14.690,08 euros, depositado en concepto de garantía definitiva”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(991).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE FIRMES DE VÍAS EN CONTORNOS PATRIMONIAIS NAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE Nº 1-VIGO CENTRO. EXPTE. 4653/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/09/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de setembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) (LOTE 1)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) (LOTE 1)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 4 de setembro de 2017 polo que non se admite neste procedemento ao licitador DESMACO, S.L., por ter presentado a súa proposición fóra de prazo (artigo 80 Real decreto 1098/2011, do 12 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas).*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no LOTE 1 “Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Centro” deste procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>% Baixa</b>	<b>Prezo ofertado</b>
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	41,11	179.170,67 €
2	FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.	40,87	179.900,86 €
3	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	40,72	180.357,23 €
4	HORDESCON, S.L.	40,39	181.361,25 €
5	ELECNOR INFRAESTRUCTURAS	39,61	183.734,36 €
6	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	37,65	189.697,51 €
7	ELSAMEX, S.A.	37,14	191.249,25 €
8	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	35,58	195.995,50 €
9	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	33,70	201.715,32 €
10	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	32,01	206.857,09 €
11	MISTURAS, S.A.	30,31	212.028,30 €
12	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	30,10	212.668,20 €
13	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	30,00	212.972,44 €
14	NAROM, S.L.	27,41	220.852,42 €
15	OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	26,61	223.286,39 €
16	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	25,51	226.633,10 €

**Terceiro.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 429,92 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., o día 14 de setembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 19 de setembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 21 de setembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula asinado nas datas 4 e 5 de setembro de 2017.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., o lote nº 1 -Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Centro- do procedemento aberto*

*para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) por un prezo total de 179.170,67 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 31.095,74 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(992).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3994/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada pola Secretaria da Mesa de Contratación con data 21/09/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de setembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### **10.- Propostas de clasificación**

b) Procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440) na seguinte orde descendente:

<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
SCHINDLER, S.A.	97,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SCHINDLER, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.



3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que o apartado 6F do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares esixe unha determinada habilitación profesional para a execución do contrato.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.034,58 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **9(993).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO ROCÍO”. EXPTE. 4817/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 14/09/17, e o informe de fiscalización de data 26/09/17, dáse conta do informe-proposta de data 18/09/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016, recolle dentro do programa “funcionamento de centro docentes de ensinanza” a aplicación orzamentaria 3230.6220005 “Cubrición de patios de colexios”.

II. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento (competente en virtude do Decreto do Alcalde-Presidente de data 13.01.2017), por resolución de 08.02.2017, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto para a redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol do arquitecto D. Ángel Santorio Cuartero.

III.- Unha vez entregado o mesmo, a Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de Xullo de 2017 acordou aprobar o “Proxecto básico e de execución de cubrición do patio do Colexio Rocío, redactado polo Arquitecto D. Ángel Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (274.999,99€) e data maio de 2017.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3546/443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión do 27.07.2017 de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra, redactado polo Arquitecto D. Ángel Santorio Cuartero.

- b)** Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada polo O Enxeñeiro da Edificación e Xefe da Oficina de supervisión de proxectos, e o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 09.08.2017.
- c)** Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 09.08.2017
- d)** Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro da Edificación e Xefe da Oficina de supervisión de proxectos de data 11.08.2017.
- e)** Informe da técnica de administración xeral do departamento de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 30.08.2017.
- f)** Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola técnica de administración xeral do departamento de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 30.08.2017
- g)** Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 14.09.2017.

## **II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

**Terceiro.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase o procedemento elixido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

**Quinto.-** A Asesoría Xurídica, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria

das obras do proxecto básico e de execución das OBRAS DE CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO ROCÍO, data maio de 2017.

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que reixerá a contratación, redactado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 30.08.2017.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe máximo de DOUSCENTOS SETENZA E CATRO MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (274.999,99€ CON IVE), sendo o importe corresponde ao IVE de 47.727.27.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3230.6220005 "Cubrición de patios de colexios", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(994).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUNHA ADDENDA PARA A ADECUACIÓN FINANCEIRA E O PRAZO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAÍDOS. EXPTE. 3355/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 25/09/17, e o informe de fiscalización do 26/09/17, dáse conta do informe-proposta de data 27/09/17, asinado polo xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Concellería de Fomento, o xefe de Asesoramento Xurídico de Servizos Xerais, o interventor xeral, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES.**

**Primeiro.-** *En data 25.09.2017 foi emitido informe-proposta de aprobación da "ADDENDA PARA A ADECUACIÓN FINANCEIRA E O PRAZO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAÍDOS"*

**Segundo.-** No expediente tramitado ao efecto figura informe xurídico do Xefe do Servizo de Asesoramento Xurídico de Servizos Xerais de data 25.09.2017 e informe de fiscalización favorable da intervención Xeral de data 26.09.2017

**Terceiro.-** Na remisión do mesmo para aprobación á Xunta de Goberno Local detectouse un erro material na enumeración dos expositivos da addenda e na enumeración do pacto primeiro da mesma, no seguinte senso:

- O "expoñendo" VII de figurar como "expoñendo" VI.

- O pacto primeiro debe facer remisión ao expoñendo V en lugar de ao expoñendo VI.

Cuarto.- O informe-proposta mantense integramente nos seus termos coas rectificacións referidas. Así o mesmo quedaría do seguinte xeito:

“INFORME PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DUNHA ADDENDA PARA A ADECUACIÓN FINANCEIRA E O PRAZO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS.

Con data 6 de setembro se celebrou reunión da COMISIÓN PARITARIA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS, a cal aprobou por unanimidade a proposta técnica realizada para a adecuación financeira e o prazo do convenio, de acordo co contido do informe técnico que se transcribe a continuación:

#### **I.- ANTECEDENTES.**

**1.-** Con data de 08/07/2015, foi asinado o Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra para a realización das obras de REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS.

**2.-** O convenio asinado, no seu pacto “Noveno”, indica que. “As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento inicial con independencia das baixas que se produzan na adxudicación de cada un dos proxectos que conforman o PLAN, sendo estas aplicadas a garantir o financiamento dos modificados do proxecto e do contrato até o límite fixado nos Pregos de Cláusulas Administrativas, sempre coa supervisión da Comisión de seguimento. As modificacións que se fagan, sempre dentro do importe definitivo que corresponda, deberán dar lugar a tramitación de addendas ó convenio”.

**3.-** O pacto “Decimo primeiro” do convenio prevé unha “Comisión paritaria de seguimento” para a execución deste convenio, así como para a aprobación dos plans de execución das obras previstas obxecto deste convenio e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar. Dita comisión de seguimento constituíuse en representación das partes polas perceptivas resolucións da Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra de data 23 de setembro de 2015, e por parte do Concello de Vigo pola resolución do Alcalde de Vigo de data 16 de outubro de 2015.

**4.-** En relación ás necesidades de eventuais axustes temporais na execución do convenio, dispónse neste que:

- Dentro das obrigas das aportacións económicas do Concello de Vigo, o apartado 3.3.-Axuste e prórroga de anualidades- do devandito convenio, establece que: «*Co fin de coordinar a previsión orzamentaria das anualidades comprometidas, se por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, as actuacións non puideran ser executadas nos prazos previstos, poderá ser solicitada prórroga nos prazos de execución*».

- Dentro das obrigas das aportacións económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra, o apartado apartado 5.3.-Axuste e prórroga de anualidades- do convenio, dispón que: *«Co fin de coordinar a previsión orzamentaria das anualidades comprometidas, se por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, as actuacións non puideran ser executadas nos prazos previstos, poderá ser solicitada prórroga nos prazos de execución.*
- E o pacto “décimo terceiro” estipula que: *«A vixencia do presente convenio estendérase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo de que, de mediar algunha causa que o xustifique, poidan ser prorrogados, logo da tramitación do oportuno expediente administrativo»* e que *«As restantes obrigas manterán a súa vixencia ata o total cumprimento das previsións establecidas, de modo que se acaden os fins perseguidos por este convenio».*

**5.-** En data 21 de outubro de 2016, a “Comisión de Seguimento do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras de remodelación do estadio municipal de fútbol de Balaídos”, aprobou por unanimidade a proposta de adecuación do financiamento das obras obxecto do citado convenio, de acordo co informe técnico de 6 de outubro de 2016, conformado polo enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios da Deputación de Pontevedra, a desenvolver nunha addenda ao convenio.

O citado informe, en base a estado de execución das obras de remodelación do Estadio de Balaídos e as incidencias xurdidas na mesma, propón:

- Canto á Grada de Río, propónse o cambio completo da estrutura metálica que conforma a cuberta desta grada (a proposta inicial buscaba o aproveitamento da mesma e só cambiar a chapa da cuberta, cuestión que tecnicamente foi inviable), polo que se deberá facer un novo proxecto desta grada por un total de 6.777.293,35 euros.
- Verbo da grada de Tribuna, propónse o modificado do proxecto, pola necesidade de reforzos estruturais da devandita grada, que acadan os 510.594,25 euros.
- No que se refire á iluminación do estadio, propón unha actuación de mellora da eficiencia enerxética do mesmo (iluminación LED) e adaptación deste á nova normativa de aplicación para as retransmisións televisivas coa tecnoloxía de alta definición 4K, que require dun novo proxecto de eficiencia enerxética e lumínica de Balaídos, o que suporá a cantidade de 2.499.802,67 euros.

A proposta, aprobada por unanimidade da Comisión de Seguimento, celebrada o día 21 outubro de 2016, implicaba o incremento das obrigas económicas para as partes do convenio, que se estimaban inicialmente nas cantidades que seguen:

Para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A achega inicial prevista no convenio (50% do importe definitivo, estimado en 8.740.250,88 euros), para a Deputación de Pontevedra, que ascendía a un total de 4.370.125,44 Euros, incrementábase en 3.054.643,33 euros.

Para o Concello de Vigo:

A achega inicial incrementábase na mesma cantidade. Non obstante e toda vez que a Administración municipal contemplaba nos seus orzamentos unha achega para o citado convenio por importe de 5.658.106,40, o incremento orzamentario necesario para facer fronte as novas obrigas económicas limitábase á 1.766.662,37 euros.

## **II.- PROPOSTA DE ADECUACIÓN FINANCEIRA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS:**

Á vista das propostas contidas no informe arriba referido, aprobado por unanimidade pola Comisión de Seguimento do convenio, na dita sesión de 21 de outubro de 2016, e tendo en conta a execución real, a data de 30 de abril de 2017, das obras ás que se refiren as propostas, faise necesario concretar a adecuación financeira do citado convenio de acordo cos datos das actuacións executadas, a devandita data, así como dos compromisos de gasto necesarios para facer fronte aos contratos en vigor, que haberán de concretarse nos que seguen:

### **a.- GRADA DE RIO:**

De acordo cos datos xa recollidos na informe técnico elaborado, o 6 de outubro de 2016, conformado polo enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios da Deputación de Pontevedra, a execución das actuacións desta obra implican o gasto que segue:

Gastos executados da grada de Rio vinculados coa fase I:	390.771.49 €	(*)
Estudos técnicos para fase II grada de Rio	15.947,80 €	(*)
Novo Proxecto para licitación Fase II Grada de Rio:	6.777.293,55 €	

### Actualización dos datos derivados da continuidade das actuacións:

De acordo cos datos que constan no expediente administrativo 4051/440, a adxudicación do contrato de REFORMA DA CUBERTA E GRADA DE RIO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIOS, tivo lugar por acordo da Xunta de Goberno Local, de 5 de decembro de 2016, a favor da mercantil S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA, por un importe de 5.529.700,00 €. Dito acordo de adxudicación foi formalizado coa sinatura do correspondente contrato o 7 de febreiro de 2017, unha vez resolto polo Tribunal Administrativo Central de Recurso Contractuais, o recurso especial en materia de contratación nº 1240/2016 CA Galicia 170/2016, presentado contra o acordo da XGL de adxudicación do contrato.

A acta de comprobación de replanteo foi asinada con data 14 de febreiro de 2017 e, de acordo co disposto no apartado 4.a das FEC do PCAP, o prazo de execución da obra é de 12 meses, polo cal o remate desta obra terá lugar no ano 2018, o cal implica a necesidade de adecuar o prazo da vixencia do convenio.

A previsión do custe de execución establececese tendo en conta o importe de adxudicación, así como as previsión de gasto derivadas das asistencias técnicas especializadas para o seguimento da obra. Por outro lado consignase como provisión os importes derivados das posibles execucións de obra en relación aos artigos 234.3 TRLCSP, e ao artigo 15.d, das FEC do PCAP.

Por outra banda será necesario ter en conta que derivado do proceso de licitación, non foi cuberta a mellora prevista para a colocación de asentos na GRADA DE RIO BAIXO, estimado nun importe de execución material de 285.000,00 €, polo cal e necesario contemplar o crédito necesario para realizar un proceso de licitación individualizado para a colocación dos asentos na GRADA DE RIO BAIXO.

Adxudicación da licitación. Fase II Grada de Rio:	5.529.700,00 €	(*)
Provisión art. 234.3 TRLCSP e artigo 15.d, das FEC do PCAP	889.175,76 €	(*)
Coordinación SS e Saúde obra RIO II	15.000,00 €	(*)
Provisión asistencia Técnica sobre control estruturas	21.175,00 €	(*)
Provisión asistencia Técnica sobre control instalacións	11.495,00 €	(*)
Importe licitación Asentos Grada de Rio Baixo	350.000,00 €	(*)

TOTAL DAS OBRIGAS ECONÓMICAS DERIVADAS DA EXECUCIÓN DA OBRA DA GRADA DE RIO:

Total de gastos executados Grada de Rio fase I	406.719,29 €	(*)
Total de gastos executados e provisión gastos Grada de Rio fase II	6.816.545,76 €	(*)
Total: sumatorio do importes indicados con (*)	<b>7.223.265,05 €</b>	

#### **b.- GRADA DE TRIBUNA:**

De acordo cos datos xa recollidos no informe técnico elaborado o 6 de outubro de 2016 conformado polo enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios da Deputación de Pontevedra, a execución das actuación desta obra supoñen o seguinte gasto.

Licitación obra TRIBUNA:	5.234.256,94 €	
Adxudicación obra TRIBUNA	4.643.980,00 €	(*)
Modificado nº 1 Obra grada TRIBUNA	510.594,25 €	(*)

Actualización dos datos derivados da continuidade das actuacións, xa que na actualidade (referencia de final de abril de 2017) esta obra se atopa finalizada:

Liquidación execución art. 234.3 TRLCSP Grada Tribuna (9,48%)	440.248,87 €	(*)
---	--------------	-----

TOTAL DAS OBRIGAS ECONÓMICAS DERIVADAS DA EXECUCIÓN DA OBRA DA GRADA DE TRIBUNA:

Total de gastos executados GRADA DE TRIBUNA. Sumatorio dos importes indicados (*).	<b>5.594.823,12 €</b>	
--	-----------------------	--

#### **c.- GRADAS DE MARCADOR E GOL.**

O convenio vixente recolle no pacto "sexto" o compromiso de financiación das gradas de Marcador e Gol, indicando que o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, se comprometen financiar o importe definitivo dos proxectos destas dúas gradas que non se atopan vinculados as aportación doutros axentes financiadores. Ditas aportacións sempre terán como referencia proporcional para o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra o límite máximo do 50 % do importe definitivo das actuacións para cada entidade.

Así mesmo esta cláusula indica que o desenvolvemento deste apartado, e polo tanto o compromiso de adecuación da financiación correspondente en cada entidade, se iniciará coa presentación por parte do Concello de Vigo dos proxectos de actuación para as gradas de Marcador e Gol a Comisión de seguimento deste convenio, e coa aprobación dos proxectos de execución pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

Así mesmo, unha vez se teñan redactados os proxectos e cerrado o seu financiamento deberanse aprobar as correspondentes addendas a este convenio, de conformidade co previsto no apartado 3 do pacto segundo.

Para o desenvolvemento dos compromisos de gasto para as obras de modificación das gradas de Gol e Marcador, é necesario iniciar os procesos para a redacción dos proxectos Básico e de Execución que deberá contemplar todas as consideracións técnicas, regulamentarias e legais precisas, e contarán con expresa xustificación técnica das solucións adoptadas, para a remodelación das Gradas "Grada de Gol", e "Grada de Marcador" así como a adecuación da contorna. Así mesmo o proxecto básico a desenvolver será o que valore e determine de forma razoada os límites estritos da actuación, tanto para a conexión viaria, a ubicación dos accesos peonís e rodados, a proposta de ordenación para os espazos complementarios e urbanización final do ámbito, así como as redes de servizos que resulten necesarias. Estudarase igualmente a necesidade e compatibilidade da execución dun aparcamento soterrado, tendo en conta os condicionantes urbanísticos e sectoriais.

Esta proposta contemplará una primeira fase a través da redacción do proxecto básico que posibilitará o inicio dos tramites correspondentes para a tramitación urbanística que posibilite o desenvolvemento do proxecto de execución, e posteriormente nunha segunda fase se procederá a redacción do proxecto de execución de obra para a execución destas novas gradas.

En base a todo o exposto e co obxecto de poder iniciar a tramitación administrativa conducente a redacción dos proxectos básicos e de execución para as obras das gradas de Gol e Marcador a previsión económica establece de acordo os seguintes datos:

Grada de Gol:

Proxecto básico (40% ) importe aproximado para licitación:	180.000,00 €
Proxecto de execución (60%) importe aproximado para licitación:	270.000,00 €
TOTAL:	450.000,00 €

Grada de Marcador:

Proxecto básico (40% ) importe aproximado para licitación:	180.000,00 €
Proxecto de execución (60%) importe aproximado para licitación:	270.000,00 €
TOTAL:	450.000,00 €
	900.000,00 €

**RESUMEN DAS ACTUACIÓNS:**

Previsión de execución das achegas de acordo coa previsión de execución das actuacións:

Estimación de créditos	Total	50% Concello	50 % Deputación
<b>Créditos executados a 31/12/2016</b>	<b>5.681.181,25 €</b>	<b>2.840.590,63 €</b>	<b>2.840.590,63 €</b>
Grada de Rio fase I	390.771,49 €		



As. Tec Estudio técnico Rio fase II	15.947,80 €		
Certificacións abonadas obra Tribuna	5.274.461,96 €		

Estimación de créditos	Total	50% Concello	50 % Deputación
<b>Previsión de execución das actuacións iniciadas para finalización actuacións: Grada de Tribuna 2017 Grada de Rio fase II 2017/2018</b>	<b>8.036.906,92 €</b>	<b>4.018.453,46 €</b>	<b>4.018.453,46 €</b>
Certificacións e final obra TRIBUNA	320.361,16 €		
Execución obra da grada RIO fase II	5.529.700,00 €		
Coordinación SS e Saúde obra RIO II	15.000,00 €		
Provisión art. 234.3 TRLCSP RIO II e artigo 15.d, das FEC do PCAP	889.175,76 €		
Provisión asistencia Técnica sobre control estruturas	21.175,00 €		
Provisión asistencia Técnica sobre control instalacións	11.495,00 €		
Importe licitación Asentos Grada de Rio Baixo	350.000,00 €		
Estimación licitación Redacción Proxecto básico e de execución das obras para as Gradadas de Gol e Marcador 2018/2019	360.000,00 € 540.000,00 €		
Estimación de créditos	Total	50% Concello	50 % Deputación
<b>TOTAL DAS ACTUACIÓNS</b>	<b>13.718.088,17 €</b>	<b>6.859.044,09 €</b>	<b>6.859.044,09 €</b>

<b>COMPROMISOS DE ADECUACIÓN FINANCEIRA DO CONVENIO</b>			
	Total cada administración	crédito orzamentario aportado	<b>Crédito a aportar</b>
Total compromiso aportación Concello	<b>6.859.044,09 €</b>	5.939.090.63 €	<b>919.953,46 €</b>
Total compromiso aportación Deputación	<b>6.859.044,09 €</b>	4.370.125.44 €	<b>2.488.918,65 €</b>

A presente proposta de asunción dos compromisos de gasto ten por finalidade a adecuación financeira e do prazo do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS, de acordo coas actuación que se atopan finalizadas, ou en execución, e os importes que lle corresponden a cada Administración. Estas achegas terán a condición de máximas e poderán ser minorados en función da execución final das actuacións pendentes de finalización. Polo exposto ambas institucións, comprométense a realizar os axustes orzamentarios necesarios para garantir os compromisos económicos establecidos no marco do convenio, en relación ás necesidades de execución descritas neste informe, para o cal tamén procede propoñer unha modificación do prazo de vixencia do mesmo para adecualo a realidade dos prazos de execución e deste xeito poder adecuar as necesidades orzamentarias en cada anualidade, cun novo límite establecido no 31 de decembro de 2019.

Por todo o exposto, para regularizar as propostas do novo escenario financeiro e o novo prazo de vixencia do convenio, proponse o seguinte texto para definir a addenda nº 1, ao convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras de remodelación do estadio municipal de fútbol de Balaidos, de acordo co seguinte resumo económico:

Distribución en anualidades:

	2017	2017	2018	2019	TOTAL
	Aportacións comprometidas				
Concello de Vigo	5.939.090,63 €	- €	650.000,00 €	269.953,46 €	6.859.044,09 €
Deputación Pontevedra	4.370.125,44 €	1.568.965,19 €	650.000,00 €	269.953,46 €	6.859.044,09 €

NOVO PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO:

Establecer unha prorroga para a vixencia do citado convenio, ata o 31 de decembro de 2019.

ACORDOS A RECOLLER NA ADENDA:

#### PACTOS

**PRIMEIRO:** A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar nos termos consignados no expoñendo V da presente addenda os compromisos económicos inicialmente pactados no convenio asinado, con data 8 de xullo de 2015, entre as mesmas partes, para a execución proxectos de obras de remodelación das gradas de Río e Tribuna do Estadio de Balaídos, comprometéndose a realizar os axustes orzamentarios precisos para garantir o seu cumprimento.

**SEGUNDO.-** A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar o prazo de vixencia do convenio, no que se refire á execución proxectos de obras para a remodelación das gradas de Río e Tribuna do Estadio de Balaídos, ampliándoo ata o día 31 de decembro de 2019.

**TERCEIRO.-** As achegas económicas que, como consecuencia da presente adecuación, comprometen ambas Administracións locais teñen a condición de máximas e poderán ser minoradas en función do seu custe real final unha vez rematadas estas e de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

#### II.- PROPOSTA PARA APROBACIÓN DUNHA ADENDA AO CONVENIO:

Esta proposta técnica foi aprobada co obxecto de que cada unha das administracións procedan ao desenvolvemento dos correspondente expedientes administrativos conducentes a aprobación dunha addenda ao Convenio de Colaboración, asinado con data 08/07/2015, entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra para a realización das obras de REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIIDOS.

A presente proposta de asunción dos compromisos de gasto ten por finalidade a adecuación financeira e do prazo do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIIDOS, de acordo coas actuación que se atopan finalizadas, ou en execución, e os importes que lle corresponden a cada Administración. Estas achegas terán a condición de máximas e poderán ser minorados en función da execución final das actuacións pendentes de finalización. Polo exposto ambas institucións, comprométense a realizar os axustes

orxamentarios necesarios para garantir os compromisos económicos establecidos no marco do convenio, en relación ás necesidades de execución descritas neste informe, para o cal tamén procede propoñer unha modificación do prazo de vixencia do mesmo para adecualo a realidade dos prazos de execución e deste xeito poder adecuar as necesidades orxamentarias en cada anualidade, ata o límite do 31 de decembro de 2019

Por parte da Deputación Provincial de Pontevedra propoñen unificar os importes das anualidades 2017, 2018 e 2019 nun único importe correspondendo unicamente a anualidade 2017, polo cal o cadro de distribución de anualidades quedaría da seguinte maneira:

A Excm. Deputación de Pontevedra, en sesión plenaria de 22 de setembro de 2017, acordou aprobar o texto da addenda proposta.

Por todo o exposto, previo informe xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o texto da addenda nº 1, ao convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a ADECUACIÓN FINANCEIRA E O PRAZO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FUTOL DE BALAIOS, de acordo co contido que se recolle no anexo a esta proposta, e co seguinte resumo económico:

<b>COMPROMISOS DE ADECUACIÓN FINANCEIRA DO CONVENIO</b>			
	Total cada administración	crédito orxamentario aportado	<b>Crédito a aportar</b>
Total compromiso aportación Concello	<b>6.859.044,09 €</b>	5.939.090.63 €	<b>919.953,46 €</b>
Total compromiso aportación Deputación	<b>6.859.044,09 €</b>	4.370.125.44 €	<b>2.488.918,65 €</b>

Segundo: Establecer o compromiso de adecuación financeira na aportación do Concello de Vigo por un importe máximo de 919.953,46 € de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

	2018	2019	
			<b>TOTAL</b>
Concello de Vigo	650.000,00 €	269.953,46 €	<b>919.953,46 €</b>

Dita aportación terá a condición de máxima, e poderá ser minorada en función do custe final das actuacións obxecto desta proposta, e para a súa execución, o Concello de Vigo comprométense a realizar os axustes orxamentarios necesarios, para garantir dita aportación no marco do convenio, en relación as novas necesidades de execución durante o prazo de vixencia do convenio, e de acordo coas necesidades orxamentarias en cada anualidade.

A imputación orxamentaria do Concello de Vigo realizase con cargo á partida 9330.632.00.10 -non modificándose a prevista no convenio no seu apartado 3.3.-

A Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, concreta a imputación orzamentaria dos seus compromisos económicos na aplicación 942.3420.76250 do orzamento previncial -non modificándose a prevista no convenio no seu apartado 5.3-.

Terceiro: Establecer unha prorroga para a vixencia do citado convenio, ata o 31 de decembro de 2019.

Cuarto: Dar conta do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ADDENDA PARA A ADECUACIÓN FINANCEIRA E O PRAZO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS.**

Pontevedra, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

#### REUNIDOS

Dunha parte, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Doutra parte, Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao convenio de colaboración e, con tal fin

#### EXPOÑEN:

I.- Que con data de 08/07/2015 foi asinado o Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra para a realización das obras DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS.

II.- Que o convenio asinado, no seu pacto "Noveno" indica que: "*As partes asinantes do convenio, comprométense á estabilidade do financiamento inicial con independencia dás*

*baixas que se produzan na adxudicación de cada un dos proxectos que conforman o PLAN, sendo estas aplicadas a garantir o financiamento dos modificados do proxecto e do contrato até o límite fixado nos Pregos de Cláusulas Administrativas, sempre coa supervisión da Comisión de seguimento. As modificacións que se fagan, sempre dentro do importe definitivo que corresponda, deberán dar lugar a tramitación de addendas ó convenio”.*

**III.-** Que o pacto “Decimo primeiro” do mesmo convenio prevé unha “Comisión paritaria de seguimento” para a execución do mesmo, así como para a aprobación dos plans de execución das obras que constitúen o seu obxecto e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar. Dita comisión de seguimento constituíuse en representación das partes polas perceptivas resolucións da Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra de data 23 de setembro de 2015, e, no que ao Concello de Vigo se refire, pola resolución da Alcaldía-Presidencia de data 16 de outubro de 2015.

**IV.-** En relación aos axustes temporais na execución do convenio, dispónse neste que:

- Dentro das obrigas de achegas económicas polo Concello de Vigo, o apartado 3.3.- Axuste e prórroga de anualidades- do devandito convenio, establece que: *«Co fin de coordinar a previsión orzamentaria das anualidades comprometidas, se por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, as actuacións non puideran ser executadas nos prazos previstos, poderá ser solicitada prórroga nos prazos de execución».*
- Dentro das obrigas de achegas económicas da Deputación Provincial de Pontevedra, o apartado apartado 5.3.-Axuste e prórroga de anualidades- do convenio, dispón que: *«Co fin de coordinar a previsión orzamentaria das anualidades comprometidas, se por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, as actuacións non puideran ser executadas nos prazos previstos, poderá ser solicitada prórroga nos prazos de execución.*
- E o pacto “décimo terceiro” do convenio estipula que: *«A vixencia do presente convenio estendérase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo de que, de mediar algunha causa que o xustifique, poidan ser prorrogados, logo da tramitación do oportuno expediente administrativo»* e que *«As restantes obrigas manterán a súa vixencia ata o total cumprimento das previsións establecidas, de modo que se acaden os fins perseguidos por este convenio».*

**V.-** Que, en data 6 de setembro de 2017, a “Comisión de Seguimento do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras de remodelación do estadio municipal de fútbol de Balaídos”, en base a estado de execución das obras de remodelación do Estadio de Balaídos e as incidencias xurdidas na mesma, aprobou por unanimidade a proposta de adecuación do financiamento e do prazo de execución das obras obxecto do citado convenio, e tendo en conta a execución real das obras ás que se refiren as propostas, faise necesario concretar a adecuación financeira do citado convenio de acordo cos datos das actuacións executadas, a

devandita data, así como dos compromisos de gasto necesarios para facer fronte as futuras obrigas, que se estiman nos seguintes apartados:

a.- GRADA DE RIO:

De acordo cos datos recollidos na informe técnico elaborado o 6 de outubro de 2016, conformado polo enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios da Deputación de Pontevedra, a execución das actuación desta obra implican o gasto que segue:

Gastos executados da grada de Rio vinculados coa fase I:	390.771,49 €	(*)
Estudos técnicos para fase II grada de Rio	15.947,80 €	(*)
Novo Proxecto para licitación Fase II Grada de Rio:	6.777.293,55 €	

Actualización dos datos derivados da continuidade das actuacións:

De acordo cos datos que constan no expediente administrativo 4051/440, a adxudicación do contrato de REFORMA DA CUBERTA E GRADA DE RIO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIDOS, tivo lugar por acordo da Xunta de Goberno Local, de 5 de decembro de 2016, a favor da mercantil S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA, por un importe de 5.529.700,00 €. Dito acordo de adxudicación foi formalizado coa sinatura do correspondente contrato o 7 de febreiro de 2017, unha vez resolto polo Tribunal Administrativo Central de Recurso Contractuais, o recurso especial en materia de contratación nº 1240/2016 CA Galicia 170/2016, presentado contra o acordo da XGL de adxudicación do contrato.

A acta de comprobación de replanteo foi asinada con data 14 de febreiro de 2017 e, de acordo co disposto no apartado 4.a das FEC do PCAP, o prazo de execución da obra é de 12 meses, polo cal o remate desta obra terá lugar no ano 2018, o cal implica a necesidade de adecuar a esta data o prazo da vixencia do convenio no que a esta obra se refire.

A previsión do custe de execución establececese tendo en conta o importe de adxudicación, así como as previsión de gasto derivadas das asistencias técnicas especializadas para o seguimento da obra. Por outro lado consígnase como provisión os importes derivados das posibles execucións de obra en relación aos artigos 234.3 TRLCSP, e ao artigo 15.d, das FEC do PCAP.

Por outra banda será necesario ter en conta que derivado do proceso de licitación, non foi cuberta a mellora prevista para a colocación de asentos na GRADA DE RIO BAIXO, estimado nun importe de execución material de 285.000,00 €, polo cal e necesario contemplar o crédito necesario para realizar un proceso de licitación individualizado para a colocación dos asentos na GRADA DE RIO BAIXO.

Adxudicación da licitación. Fase II Grada de Rio:	5.529.700,00 €	(*)
Provisión art. 234.3 TRLCSP RIO II e artigo 15.d, das FEC do PCAP	889.175,76 €	(*)
Coordinación SS e Saúde obra RIO II	15.000,00 €	(*)

Provisión asistencia Técnica sobre control estruturas	21.175,00 €	(*)
Provisión asistencia Técnica sobre control instalacións	11.495,00 €	(*)
Importe licitación Asentos Grada de Rio Baixo	350.000,00 €	(*)

TOTAL DAS OBRIGAS ECONÓMICAS DERIVADAS DA EXECUCIÓN DA OBRA DA GRADA DE RIO:

Total de gastos executados Grada de Rio fase I	406.719,29 €	(*)
Total de gastos executados e provisión gastos Grada de Rio fase II	6.816.545,76 €	(*)
Total: sumatorio do importes indicados con (*)	<b>7.223.265,05 €</b>	

b.- GRADA DE TRIBUNA:

De acordo cos datos recollidos no devandito informe técnico elaborado o 6 de outubro de 2016, conformado polo enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios da Deputación de Pontevedra, a execución das actuación desta obra supoñen o seguinte gasto.

Licitación obra TRIBUNA:	5.234.256,94 €	
Adxudicación obra TRIBUNA	4.643.980,00 €	(*)
Modificado nº 1 Obra grada TRIBUNA	510.594,25 €	(*)

Actualización dos datos derivados da continuidade das actuacións, xa que na actualidade (referencia de final de abril de 2017) esta obra se atopa finalizada:

Liquidación execución art. 234.3 TRLCSP Grada Tribuna (9,48%)	440.248,87 €	(*)
---	--------------	-----

TOTAL DAS OBRIGAS ECONÓMICAS DERIVADAS DA EXECUCIÓN DA OBRA DA GRADA DE TRIBUNA:

Total de gastos executados GRADA DE TRIBUNA. Sumatorio dos importes indicados (*).	<b>5.594.823,12 €</b>	
--	-----------------------	--

c.- GRADAS DE MARCADOR E GOL.

O convenio vixente recolle no pacto "sexto" o compromiso de financiación das gradas de Marcador e Gol, indicando que o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, se comprometen financiar o importe definitivo dos proxectos destas dúas gradas que non se atopan vinculados ás aportacións doutros axentes financiadores. Ditas aportacións sempre terán como referencia proporcional para o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra o límite máximo do 50 % do importe definitivo das actuacións para cada entidade.

Así mesmo esta cláusula indica que o desenvolvemento deste apartado, e polo tanto o compromiso de adecuación da financiación correspondente en cada entidade, se iniciará

coa presentación por parte do Concello de Vigo dos proxectos de actuación para as gradas de Marcador e Gol á Comisión de seguimento deste convenio, e coa aprobación dos proxectos de execución pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

Así mesmo, unha vez se teñan redactados os proxectos e cerrado o seu financiamento deberanse aprobar as correspondentes addendas a este convenio, de conformidade co previsto no apartado 3 do pacto segundo.

Para o desenvolvemento dos compromisos de gasto para as obras de remodelación das gradas de Gol e Marcador, é necesario iniciar os procesos para a redacción dos proxectos Básico e de Execución que deberá contemplar todas as consideracións técnicas, regulamentarias e legais precisas, e contarán con expresa xustificación técnica das solucións adoptadas, para a remodelación das Gradas “Grada de Gol”, e “Grada de Marcador” así como a adecuación da contorna. Así mesmo o proxecto básico a desenvolver será o que valore e determine de forma razoada os límites estritos da actuación, tanto para a conexión viaria, a ubicación dos accesos peonís e rodados, a proposta de ordenación para os espazos complementarios e urbanización final do ámbito, así como as redes de servizos que resulten necesarias. Estudarase igualmente a necesidade e compatibilidade da execución dun aparcamento soterrado, tendo en conta os condicionantes urbanísticos e sectoriais.

Esta proposta contemplará una primeira fase a través da redacción do proxecto básico que posibilitará o inicio dos tramites correspondentes para a tramitación urbanística que posibilite o desenvolvemento do proxecto de execución, e posteriormente nunha segunda fase se procederá a redacción do proxecto de execución de obra para a execución destas novas gradas.

En base a todo o exposto e co obxecto de poder iniciar a tramitación administrativa conducente a redacción dos proxectos básicos e de execución para as obras das gradas de Gol e Marcador a previsión económica establececese de acordo cos seguintes datos:

Grada de Gol:

Proxecto básico (40% ) importe aproximado para licitación:	180.000,00 €
Proxecto de execución (60%) importe aproximado para licitación:	270.000,00 €
TOTAL:	450.000,00 €

Grada de Marcador:

Proxecto básico (40% ) importe aproximado para licitación:	180.000,00 €
Proxecto de execución (60%) importe aproximado para licitación:	270.000,00 €
TOTAL:	450.000,00 €

**RESUMEN DAS ACTUACIÓNS:**

Previsión de execución das achegas de acordo coa previsión de execución das actuacións:

Estimación de créditos	Total	50% Concello	50 % Deputación
------------------------	-------	--------------	-----------------



<b>Créditos executados a 31/12/2016 (distribución)</b>	<b>5.681.181,25 €</b>	<b>2.840.590,63 €</b>	<b>2.840.590,63 €</b>
Grada de Río fase I	390.771,49 €		
As. Tec Estudio técnico Río fase II	15.947,80 €		
Certificacións abonadas obra Tribuna	5.274.461,96 €		

Estimación de créditos	Total	50% Concello	50 % Deputación
<b>Previsión de execución das actuacións iniciadas para finalización actuacións:</b>	<b>8.036.906,92 €</b>	<b>4.018.453,46 €</b>	<b>4.018.453,46 €</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Grada de Tribuna 2017</b></li> <li>• <b>Grada de Río fase II 2017/2018</b></li> </ul>			
Certificacións e final obra TRIBUNA	320.361,16 €		
Execución obra da grada RIO fase II	5.529.700,00 €		
Coordinación SS e Saúde obra RIO II	15.000,00 €		
Provisión art. 234.3 TRLCSP RIO II e artigo 15.d, das FEC do PCAP	889.175,76 €		
Provisión asistencia Técnica sobre control estruturas	21.175,00 €		
Provisión asistencia Técnica sobre control instalacións	11.495,00 €		
Importe licitación Asentos Grada de Río Baixo	350.000,00 €		
Estimación licitación Redacción Proxecto básico e de execución das obras (2018/2019 para:	360.000,00 € 540.000,00 €		
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grada de Gol</li> <li>• Grada de Marcador</li> </ul>			
Estimación de créditos	Total	50% Concello	50 % Deputación
<b>TOTAL DAS ACTUACIÓNS</b>	<b>13.718.088,17 €</b>	<b>6.859.044,09 €</b>	<b>6.859.044,09 €</b>

<b>COMPROMISOS DE ADECUACIÓN FINANCEIRA DO CONVENIO</b>			
	Total cada administración	crédito orzamentario aportado	<b>Crédito a aportar</b>
Total compromiso aportación Concello	<b>6.859.044,09 €</b>	5.939.090.63 €	<b>919.953,46 €</b>
Total compromiso aportación Deputación	<b>6.859.044,09 €</b>	4.370.125.44 €	<b>2.488.918,65 €</b>

**VI.-** Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda ao convenio de colaboración de referencia co obxecto de proceder á adecuación financeira e temporal das obrigas das partes en relación o obxecto do convenio; addenda que asinan conforme aos seguintes

### **PACTOS**

**PRIMEIRO:** A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar nos termos consignados no expoñendo V da presente addenda os compromisos económicos inicialmente pactados no convenio asinado, con data 8 de xullo de 2015, entre as mesmas partes, para a execución proxectos de obras de remodelación das gradas de

Rio e Tribuna do Estadio de Balaídos, comprometéndose a realizar os axustes orzamentarios precisos para garantir o seu cumprimento.

**SEGUNDO.-** A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar o prazo de vixencia do convenio, no que se refire á execución proxectos de obras para a remodelación das gradas de Rio e Tribuna do Estadio de Balaídos, ampliándoo ata o día 31 de decembro de 2019.

**TERCEIRO.-** As achegas económicas que, como consecuencia da presente adecuación, comprometen ambas Administracións locais teñen a condición de máximas e poderán ser minoradas en función do seu custe real final unha vez rematadas estas e de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

	2017	2017	2018	2019	TOTAL
	Aportacións comprometidas				
Concello de Vigo	5.939.090,63 €	- €	650.000,00 €	269.953,46 €	6.859.044,09 €
Deputación Pontevedra	4.370.125,44 €	2.488.918,65 €	0,00 €	0,00 €	6.859.044,09 €

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez